



---

**DECLARACIÓN INSTUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO**

**PARA NOMEAR AO DR. RAMÓN BALTAR DOMÍNGUEZ FILLO PREDILECTO**

**DA CIDADE A TÍTULO PÓSTUMO**

O Alcalde do Concello de Santiago, ao abeiro do regulamento orgánico municipal no seu artigo 116, presenta a seguinte declaración institucional para ser aprobada polo Pleno da Corporación, para nomear ao Dr. Ramón Baltar Domínguez, fillo predilecto da cidade a título póstumo.

*Ramón Baltar naceu no centro da nosa cidade, no que era entón “Gran Hospital de Santiago y Casa de Expósitos”, onde o seu pai, Ángel Baltar Cortés era cirurxián e director. Criouse nas súas santiaguesas e formouse na Universidade, onde foi profesor até que foi apartado tras sucesivos expedientes que se lle abriron despois de 1936 debido ás súas conviccións democráticas. Cousa que tamén lle aconteceu ao seu irmán Antonio, médico como el. Desempeñou con excelencia a cirurxía tanto no Gran Hospital, do que foi tamén director, como no moderno sanatorio familiar.*

*Xunto á altura técnica e científica como cirurxián, que atraía pacientes desde distintos lugares do estado, destacamos a súa insistencia na defensa do carácter humanitario da Medicina.*

*Como Decano da Beneficencia Provincial foi belixerante na reclamación de fondos para a “Gota de leite” ou o Hospital de Conxo, e destacamos tamén a súa solitaria defensa do Gran Hospital en 1953, cando foi clausurado para transformalo en hotel , como a reclamación dun hospital de beneficencia que deu como resultado o chamado “Hospital Provincial” dependente da Deputación. Posteriormente esa batalla persoal, xa transformada nunha reclamación local asumida por todos, deu paso ao actual “Hospital Provincial de Conxo” que don Ramón xa non puido ver pois morreu en 1982, tres anos antes da inauguración.*

*Esa defensa da sanidade como servizo aos necesitados, cando non había unha cobertura sanitaria para toda a poboación, practicouna tamén asiduamente no “Sanatorio Baltar”.*

*Foi historiador da Medicina, concretamente da Escola Médica santiaguesa, e estudou e publicou sobre a historia dos hospitais e do Gran Hospital Real de Santiago. Así mesmo*

*a súa preocupación polas necesidades da poboación e as carencias hospitalarias fixo que escribise diversos traballos, algúns deles argumentando a pertinencia da continuidade do hospital santiagués, sobre a política hospitalaria.*

*E, malia estar apartado da Universidade, investigou e publicou pola súa conta traballos científicos de cirurxía.*

*O noso concidadán foi tamén un exemplo de militancia cívica, comprometido coa loita pola democracia nos momentos máis difíciles e acollendo e protexendo á vítimas da ditadura, entre elas a nai e irmás de Castelao e de Rafael Dieste. Así mesmo, foi protector de artistas e participou dos proxectos de reconstrución da cultura galega na posguerra, concorrendo con outros conveciños nosos como Xosé Mosquera ou Xosé Villar Granjel, na recuperación da casa de Rosalía de Castro e o Patronato Rosalía de Castro, do que foi conselleiro. Ou sendo dos fundadores da primeira editora galega na posguerra, “Bibliófilos Gallegos”, onde publicou ensaios históricos de Medicina ou un ensaio sobre as relacións de Castelao co oficio médico.*

*O cirurxián Ramón Baltar Domínguez, conveciño e concidadán é un dos mellores exemplos de civismo que podemos ter compostelás e composteláns.*

*Por todo iso a Corporación acorda que se lle recoñeza como “Fillo Predilecto”. Honrando a súa memoria honramos o mellor de nós.*

**En Santiago de Compostela, o 10 de maio de 2023.**

**O Alcalde**

*Xosé A. Sánchez Bugallo*